

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

12482 *Real decreto 1333/2012, do 21 de setembro, polo que se regula o seguro de responsabilidade civil e a garantía equivalente dos administradores concursais.*

A Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, introduciu no sistema concursal español a exigencia dun seguro de responsabilidade civil ou dunha garantía equivalente proporcional á natureza e alcance do risco cuberto para poder actuar como administrador concursal en calquera clase de concursos de acredores, e habilitou o Goberno para o desenvolvemento regulamentario da correspondente norma legal.

Facendo uso desa habilitación, este real decreto ocúpase deste novo seguro ou garantía, que, naturalmente, non impide que, ao abeiro da autonomía privada ou doutras previsións legais, os administradores concursais contraten outros seguros específicos e independentes desa responsabilidade civil, para cubrir máis intensamente os riscos do exercicio desa actividade profesional, ou introduzan esa cobertura mínima obrigatoria como ampliación das pólizas de responsabilidade civil profesional de avogados, economistas, titulados mercantís ou auditores.

A única excepción á exigencia de seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente é o caso de que o nomeamento de administrador concursal recaia nunha administración pública ou nunha entidade de dereito público vinculada ou dependente dela cando se designe para o exercicio das funcións propias do cargo a persoa natural que teña a condición de empregado público.

A vixencia do seguro ou a garantía equivalente configúrase como presuposto para a aceptación do cargo. Desta forma, os administradores concursais non poden aceptar o seu nomeamento sen acreditaren convenientemente que gozan desa cobertura nos termos determinados por este real decreto, cobertura que teñen o deber de manter durante a tramitación do proceso concursal. Igual que noutros moitos seguros obrigatorios, a obriga legal configúrase, con carácter xeral, como condición para poder aceptar o nomeamento. Non se trata, pois, dun seguro por concurso senón dun seguro para ser administrador concursal ou, máis exactamente, para poder aceptar o cargo e para podelo desempeñar ao longo do procedemento.

Co fin de que o asegurador poida coñecer o nacemento do risco, imponse ao xulgado a notificación do nomeamento e da aceptación do administrador concursal. Paralelamente, co fin de que a cobertura estea vixente en todo momento, impóñense deberes singulares de información tanto ao administrador concursal como ao asegurador da responsabilidade civil, que deberá comunicar ao xulgado determinadas modificacións ou vicisitudes da relación contractual, como a falta de pagamento da prima, debendo manterse a cobertura durante o período dun mes desde que realizou a comunicación.

A suma obrigatoriedade asegurada determinouse atendendo á entidade dos concursos de acredores que se veñen producindo no noso país, caracterizados por masas activas e pasivas particularmente modestas. Con todo, ese mínimo elévase no real decreto ben polo número de concursos en que se desempeñe a administración concursal ben polas condicións subxectivas do debedor común, como é o caso dos denominados concursos de especial transcendencia. A delimitación temporal da cobertura tamén resulta fundamental para o bo funcionamento do seguro e tamén a súa correcta delimitación doutras responsabilidades, de tal forma que a prescrición da acción de responsabilidade de catro anos só se aplica ao suposto dos danos á masa activa do concurso do número 1 do artigo 36 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, pero non ás accións que lesionen intereses do debedor, dos acredores ou de terceiros e que se exerzan de acordo

co número 6 dese mesmo artigo. En calquera caso, as normas deste real decreto débense completar non só coa Lei 22/2003, do 9 de xullo, senón tamén coa Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

Como alternativa ao seguro, a Lei 22/2003, do 9 de xullo, prevé unha garantía equivalente tanto material como temporalmente. O contido material e temporal desta garantía delimitase por referencia ao contido do seguro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2012, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Deber de aseguramento da responsabilidade civil do administrador concursal.*

Ao aceptar o nomeamento, todo administrador concursal deberá acreditar ante o secretario xudicial do xulgado que coñeza do concurso a vixencia dun contrato de seguro ou unha garantía equivalente por cuxa virtude o asegurador ou entidade de crédito se obrigue, dentro dos límites pactados, a cubrir o risco do nacemento a cargo do propio administrador concursal asegurado da obriga de indemnizar polos danos e perdas causados no exercicio da súa función.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo á obriga de aseguramento.*

1. O deber de aseguramento que regula o presente real decreto recae sobre o administrador concursal, xa sexa persoa natural ou xurídica.

2. Cando a administración concursal sexa unha persoa xurídica, a cobertura do seguro ou garantía equivalente incluírá a responsabilidade dos profesionais que actúen por conta dela.

3. Non existirá a obriga de aseguramento cando unha Administración pública ou unha entidade de dereito público vinculada ou dependente da anterior sexa nomeada administrador concursal e designe para levar a cabo tales funcións unha persoa natural que teña a condición de empregado público. Nos demais casos, a obriga de aseguramento será exigible á persoa natural que designase.

Tampouco existirá obriga de aseguramento cando sexa designado administrador concursal o persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou do Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo do seguro de responsabilidade civil e da garantía equivalente.*

1. O seguro de responsabilidade civil do administrador concursal ou garantía equivalente comprenderá a cobertura do risco de nacemento da obriga de indemnizar o debedor ou os acredores polos danos e perdas causados á masa activa do concurso polos actos e omisións realizados, no exercicio das súas funcións, polo administrador concursal ou polo auxiliar delegado de cuxa actuación sexa responsable que sexan contrarios á lei ou fosen realizados sen a debida dilixencia.

Así mesmo, o seguro de responsabilidade civil do administrador concursal ou garantía equivalente comprenderá a cobertura dos danos e perdas por actos ou omisións do administrador concursal que lesionen directamente os intereses do debedor, dos acredores ou de terceiros.

2. Se por sentenza se declarar a responsabilidade do administrador concursal, o seguro cubrirá, ademais da indemnización a que se refire o número anterior, os gastos necesarios que soportou o acredor que exerceu a acción en interese da masa.

CAPÍTULO II

Seguro de responsabilidade civil dos administradores concursais

Sección 1.^a Acreditación e vixencia do seguro

Artigo 4. Comunicación ao asegurador.

Aceptado o cargo polo administrador concursal, o secretario do xulgado notificará ao asegurador o nomeamento e a aceptación, con expresión das datas en que se produciron. Así mesmo, o secretario do xulgado notificará ao asegurador o cesamento do administrador concursal.

Artigo 5. Duración do contrato.

Calquera que sexa a duración pactada na póliza, deberase prever que o contrato se prorrogará unha ou máis veces por períodos dun ano, salvo que calquera das partes se opoña á prórroga.

En caso de oposición á prórroga por calquera das partes, o administrador concursal deberallo comunicar ao xulgado, sen prexuízo dos deberes de comunicación que se imponen ao asegurador no artigo 7. En todo caso, se o contrato non se prorroga, o administrador concursal deberá presentar outro contrato de seguro ou garantía equivalente antes de que finalice a cobertura da póliza non prorrogada.

Artigo 6. Acreditación da cobertura.

1. Ao aceptar o cargo, a vixencia do seguro acreditarase mediante exhibición e testemuño da póliza e do recibo da prima correspondente ao período do seguro en curso ou, se for o caso, do certificado de cobertura expedido pola entidade aseguradora.

En caso de que a aceptación do cargo comporte o aumento da cobertura, o administrador concursal exhibirá o seguro de que dispón e efectuará a súa adaptación á nova suma asegurada que lle corresponde, de acordo co artigo 8, no prazo máximo de 15 días, acreditándoo ante o xulgado.

Cando a terminación doutros concursos en que interveña permita unha redución da suma asegurada, o administrador concursal poderá efectuar a adaptación do seu contrato de seguro, acreditando a súa nova cobertura, que sempre deberá cubrir a súa responsabilidade no concurso ou concursos en que siga desempeñando a súa función.

2. Durante a tramitación do concurso de acredores, o administrador concursal deberá acreditar as sucesivas renovacións do seguro. A renovación do seguro acreditarase ante o secretario do xulgado mediante exhibición e testemuño do recibo da prima polo período ou períodos sucesivos.

3. A infracción do deber de acreditar a renovación do seguro será xusta causa de separación do cargo.

Artigo 7. Deber de comunicación do asegurador.

1. O asegurador deberá pór de inmediato en coñecemento do xulgado que coñeza do concurso calquera modificación do seguro, a falta de pagamento da prima, a oposición á prórroga, a suspensión da cobertura e a extinción do contrato.

2. En canto non transcorra un mes contado desde a data en que o asegurador comunicou ao xulgado a extinción ou a modificación do seguro que reduza, limite ou suspenda a cobertura ou a falta de pagamento da prima, subsistirá a cobertura.

Sección 2.^a Delimitación da responsabilidade

Artigo 8. *Suma asegurada.*

1. A suma mínima asegurada polos feitos xeradores de responsabilidade do administrador concursal será de trescentos mil euros.

2. Por excepción ao establecido no número anterior:

a) A suma mínima asegurada será de oitocentos mil euros cando, coa aceptación do cargo, o asegurado teña a condición de administrador concursal en, polo menos, tres concursos de acredores de carácter ordinario.

b) A suma asegurada será dun millón cincocentos mil euros cando se trate dun concurso de especial transcendencia, de acordo co establecido no artigo 27 bis da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

c) A suma asegurada será de tres millóns de euros cando concorra calquera das seguintes circunstancias:

1.º Cando se trate do concurso dunha entidade emisora de valores ou instrumentos derivados que se negocien nun mercado secundario oficial, dunha entidade encargada de rexer a negociación, compensación ou liquidación deses valores ou instrumentos, ou dunha empresa de servizos de investimento.

2.º Cando se trate do concurso dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora.

3. A suma asegurada comprenderá tanto os danos e perdas como os gastos a que se refire o número 2 do artigo 3.

4. Cando o administrador concursal sexa unha persoa xurídica, a contía da suma asegurada será de dous millóns de euros.

Non obstante, a suma asegurada será de catro millóns de euros cando a persoa xurídica exerza as funcións de administración concursal nalgún dos supostos que se indican no ordinal 3.º do número 2 deste artigo.

Artigo 9. *Delimitación temporal.*

1. A cobertura do asegurador comprenderá as reclamacións presentadas contra o asegurado durante o exercicio da súa función ou nos catro anos seguintes á data en que o administrador concursal cesou no cargo por calquera causa, sempre e cando as ditas reclamacións tiveren o seu fundamento nos danos e perdas causados á masa activa durante o período en que teña a condición de administrador concursal no proceso de que se trate.

As accións de responsabilidade que poidan corresponder ao debedor, aos acredores ou a terceiros por actos ou omisións dos administradores concursais que lesionen directamente os intereses daqueles, teñen un prazo de prescrición dun ano.

2. A reclamación do prexudicado poderase producir nun proceso xudicial, que se substanciará ante o xuíz que coñeza ou coñeceu do concurso.

Artigo 10. *Coberturas adicionais.*

O seguro de responsabilidade civil acreditado no concurso de acredores polo administrador concursal poderá incluír outras coberturas que libremente se pacten entre as partes, así como ampliar o ámbito e os límites de cobertura.

Artigo 11. *Acción directa.*

1. O prexudicado ou os seus herdeiros terán acción directa contra o asegurador para lle exixir o cumprimento da obriga de indemnizar nos termos previstos pola Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

2. Para os efectos de exercicio da acción directa, o asegurado estará obrigado a manifestar ao terceiro prexudicado ou aos seus herdeiros a existencia do contrato de seguro.

CAPÍTULO III

Garantía equivalente

Artigo 12. *Garantía equivalente ao seguro de responsabilidade civil.*

O administrador concursal poderá substituír o aseguramento regulado neste real decreto por unha garantía solidaria de contido equivalente constituída por unha entidade de crédito que poida prestar garantías deste tipo polo importe que corresponda segundo o establecido no artigo 8, que deberá manter a súa vixencia ata que transcorran catro anos desde a data en que o administrador concursal cesou no cargo por calquera causa.

Disposición transitoria única. *Actualización dos contratos de seguro vixentes.*

Os contratos de seguro de responsabilidade civil ou garantías equivalentes que se subscribiron con ocasión do nomeamento como administrador concursal con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012 deberanse adecuar ás condicións establecidas neste real decreto nun prazo de dous meses contados desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de lexislación mercantil e civil prevista no artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
ALBERTO RUIZ-GALLARDÓN JIMÉNEZ